

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026376	Punta Candieira	Cedeira	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CSADG01	Administración e finanzas	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0656	Simulación empresarial	2023/2024	8	140	168

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ GONZÁLEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O ámbito produtivo baséase nas pequenas e medianas empresas, e fundamentalmente en empresas do sector primario (pesca, agricultura, gandería e forestal) e empresas do sector terciario (comercio, hostalería e bancos). O que apenas existe é o sector secundario ou industrial. As empresas do entorno realizan tódalas funcións de carácter administrativo, polo que o curriculum do módulo adáptase perfectamente as necesidades de estas empresas e permite formar administrativos de amplos coñecementos.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Emprender significación e implicación. Selección da idea empresarial	Explicarase o significado de emprender e presentaranse experiencias de emprendedores e se lles indicará a busca e análise de estas. Finalmente elixiran unha idea sobre a que vai tratar a simulación empresarial	15	9
2	Análise do entorno, do sector da actividade e factores externos que inflúen na idea elixida	Presentarase e informarase da situación da sociedade e economía actual, na cal se atopa o motor para emprender. Da situación económica, sociopolítica, tecnolóxica, ecolóxica, jurídica, normas legais relacionadas coa idea elixida de proxecto	15	9
3	Análise de mercado e da competencia	Delimitarase a hipótese de partida na que se atopa a actividade empresarial. Faranse encuestas e interpretaranse os resultados. Análizase a competencia e realízase o informe DAFO. Visítanse e entrevístanse a empresarios da zona que nos podían facer competencia.	20	12
4	Identificación da forma xurídica da empresa, posibles axudas e subvencións, localización e gastos de constitución	Explicarase as posibles formas xurídicas que poden adoptar e a selección de unha. Explicarase a estrutura funcional e os gastos e trámites que terá que realizar para constituir a empresa. Xestionaranse os trámites e solicitaránse os documentos necesarios para a posta en marcha.	5	3
5	Plan de marketing I: o produto ou servizo, a produción e os aprovisionamentos	Descríbanse detalladamente os produtos ou servizos en que se basa a actividade empresarial. Necesidades de recursos para a produción, inversión necesaria en inmovilizado e plan de aprovisionamento	15	9
6	Plan de marketing II: Definición do mercado e a comunicación (publicidade, propaganda e relacións públicas)	Descríbese o mercado obxectivo e as estratexias de comunicación (Publicidade, propaganda e relacións públicas). Presuposto de coste en que incurre	20	12
7	Plan de marketing III: Definición da distribución, determinación dos prezos e organización das vendas	Informarase da forma de levar a cabo a distribución dos produtos, así como dos prezos dos produtos e a partir deles estimaremos os ingresos que obtendremos no noso proxecto	15	9
8	Organización funcional da empresa. O departamento de persoal	Presentarase o organigrama da empresa, a definición dos postos de traballo, os procesos de captación e selección do persoal, as modalidades de contratación e calcularemos os custos sociais da empresa (nóminas, TCS, MOD.110)	23	13
9	Inversión e financiación: Estudo da viabilidade do proxecto	Explicarase as formas de financiación e elixiranse as que nos parezcan máis idóneas para financiar o noso proxecto. Estudarase os estados financeiros para concluir coa viabilidade da empresa. Realizaranse os cálculos de tesorería estimados así como os trámites con Hacienda (IVA, IS)	40	24

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Emprender significación e implicación. Selección da idea empresarial	15

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina os factores da innovación empresarial en relación coa actividade de creación de empresas.	NO
RA2 - Selecciona unha idea de negocio analizando o mercado.	NO
RA6 - Realiza a xestión da empresa proxecto nos seus diversos departamentos.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Examináronse as facetas da innovación empresarial (técnicas, materiais, de organización interna e externa, etc.), relacionándoas como fontes de desenvolvemento económico e creación de emprego.
CA1.2 Relacionáronse a innovación e a iniciativa emprendedora coas implicacións que ten para a competitividade empresarial.
CA1.3 Valoráronse os aspectos inherentes á asunción de risco empresarial como motor económico e social.
CA1.4 Determináronse as facetas do carácter emprendedor desde o punto de vista empresarial.
CA1.5 Seleccionáronse experiencias de innovación empresarial describindo e valorando os factores de risco asumidos en cada unha.
CA1.6 Propuxéronse posibilidades de internacionalización dalgúñas empresas como factor de innovación destas.
CA2.1 Avaliáronse as implicacións que leva consigo a elección dunha idea de negocio.
CA2.2 Diferenciouse entre o que pode ser unha simple idea e unha idea de negocio factible.
CA6.8 Realizouse o traballo entre os membros do grupo.
CA6.9 Realizouse cada tarefa con rigor e corrección para obter un resultado global satisfactorio.
CA6.10 Materializouse nun expediente o proxecto empresarial e expúxose ao público.

4.1.e) Contidos

Contidos
Proceso innovador na actividade empresarial.
Factores de risco na innovación empresarial: facetas da persoa emprendedora.
Tecnoloxía como clave da innovación empresarial.
A persoa promotora e a idea.
Selección de ideas de negocio.
Equipos e grupos de traballo. Traballo en equipo: toma de decisións. Confección e deseño dos equipos dentro da empresa creada.



Contidos
Uso de ferramentas informáticas na elaboración e na exposición do proxecto empresarial.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Análise do entorno, do sector da actividade e factores externos que inflúen na idea elexida	15

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina os factores da innovación empresarial en relación coa actividade de creación de empresas.	NO
RA4 - Comproba a viabilidade da empresa mediante diversos tipos de análise, tendo en conta os factores que poidan influír nela.	NO
RA6 - Realiza a xestión da empresa proxecto nos seus diversos departamentos.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.7 Definíronse axudas e ferramentas públicas e privadas para a innovación, a creación e a internacionalización de empresas, relacionándoas estruturadamente nun informe.
CA4.5 Realizouse unha análise do impacto ambiental de proxecto de empresa.
CA4.6 Realizouse unha análise dos riscos laborais de proxecto de empresa.
CA6.8 Realizouse o traballo entre os membros do grupo.
CA6.9 Realizouse cada tarefa con rigor e corrección para obter un resultado global satisfactorio.
CA6.10 Materializouse nun expediente o proxecto empresarial e expúxose ao público.

4.2.e) Contidos

Contidos
Tecnoloxía como clave da innovación empresarial.
Internacionalización das empresas como oportunidade de desenvolvemento e innovación.
Axudas e ferramentas para a innovación empresarial.
Equipos e grupos de traballo. Traballo en equipo: toma de decisións. Confección e deseño dos equipos dentro da empresa creada.
Uso de ferramentas informáticas na elaboración e na exposición do proxecto empresarial.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Análise de mercado e da competencia	20

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Selecciona unha idea de negocio analizando o mercado.	NO
RA3 - Determina a organización interna da empresa, a forma xurídica e os recursos necesarios, para o que analiza as alternativas dispoñibles e os obxectivos marcados co proxecto.	NO
RA4 - Comproba a viabilidade da empresa mediante diversos tipos de análise, tendo en conta os factores que poidan influir nela.	NO
RA6 - Realiza a xestión da empresa proxecto nos seus diversos departamentos.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.3 Sinaláronse as vantaxes e os inconvenientes das propostas de negocio.
CA2.5 Concretáronse as necesidades que satisfai e o valor engadido da idea de negocio proposta.
CA2.6 Identificouse a clientela potencial atendendo aos obxectivos do proxecto de empresa.
CA2.7 Efectuouse unha análise de mercado para comprobar se existe un nicho nel.
CA2.8 Efectuouse unha análise da competencia para situar o produto.
CA3.1 Identificáronse as principais características do sector empresarial en que se desenvolva a idea de negocio.
CA3.2 Recoñecéronse os tipos de empresas existentes.
CA3.3 Establecéronse claramente os obxectivos da empresa.
CA4.6 Realizouse unha análise dos riscos laborais de proxecto de empresa.
CA6.8 Realizouse o traballo entre os membros do grupo.
CA6.9 Realizouse cada tarefa con rigor e corrección para obter un resultado global satisfactorio.
CA6.10 Materializouse nun expediente o proxecto empresarial e expúxose ao público.

4.3.e) Contidos

Contidos
Plan de empresa.
Análise de mercados.
Actividade empresarial.
Competencia.

Contidos

Equipos e grupos de traballo. Traballo en equipo: toma de decisións. Confección e deseño dos equipos dentro da empresa creada.

Expediente do proxecto: elaboración e selección do destinatario.

Uso de ferramentas informáticas na elaboración e na exposición do proxecto empresarial.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Identificación da forma xurídica da empresa , posibles axudas e subvencións, localización e gastos de constitución	5

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina os factores da innovación empresarial en relación coa actividade de creación de empresas.	NO
RA3 - Determina a organización interna da empresa, a forma xurídica e os recursos necesarios, para o que analiza as alternativas dispoñibles e os obxectivos marcados co proxecto.	NO
RA4 - Comproba a viabilidade da empresa mediante diversos tipos de análise, tendo en conta os factores que poidan influir nela.	NO
RA5 - Xestiona a documentación necesaria para a posta en marcha dunha empresa, analizando os trámites legais e as actuacións necesarias que levan consigo a realización do proxecto empresarial.	NO
RA6 - Realiza a xestión da empresa proxecto nos seus diversos departamentos.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.7 Definíronse axudas e ferramentas públicas e privadas para a innovación, a creación e a internacionalización de empresas, relacionándoas estruturadamente nun informe.
CA3.4 Relacionouse a organización establecida pola empresa co seu tipo e cos seus fins.
CA3.5 Identificáronse as funcións dentro da empresa
CA3.6 Seleccionouse a forma xurídica adecuada.
CA4.2 Contrastouse o cumprimento da normativa legal do futuro negocio.
CA5.1 Recoñeceuse a esixencia da realización de trámites legais esixibles antes da posta en marcha dun negocio.
CA5.2 Diferenciáronse os trámites que se seguirían en función de forma xurídica que se elixa.
CA5.3 Identificáronse os organismos ante os que cumpra presentar os trámites.
CA5.4 Cubriuse a documentación necesaria para a constitución da empresa.
CA5.5 Realizáronse os trámites fiscais para a posta en marcha.
CA5.7 Realizáronse os trámites necesarios que cumpra realizar noutras administracións públicas á hora de abrir un negocio.
CA5.8 Recoñeceuse a existencia de trámites de carácter específico para determinados tipos de negocios.
CA5.9 Valorouse a importancia do cumprimento dos prazos legais para a tramitación e a posta en marcha dun negocio.
CA6.6 Analizouse a normativa fiscal e cumpríronse as obrigas fiscais.
CA6.8 Realizouse o traballo entre os membros do grupo.
CA6.9 Realizouse cada tarefa con rigor e corrección para obter un resultado global satisfactorio.
CA6.10 Materializouse nun expediente o proxecto empresarial e expúxose ao público.

4.4.e) Contidos

Contidos
Axudas e ferramentas para a innovación empresarial.
Empresario ou empresaria.
Empresa: clasificación, forma xurídica, obxectivos, organización funcional e responsabilidade social.
Trámites xerais para os diversos tipos de empresa.
Tramites específicos. Negocios particulares.
Autorizacións, instalación ou constitución.
Inscripcións en rexistros.
Equipos e grupos de traballo. Traballo en equipo: toma de decisións. Confección e deseño dos equipos dentro da empresa creada.
Uso de ferramentas informáticas na elaboración e na exposición do proxecto empresarial.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Plan de marketing I: o produto ou servizo, a produción e os aprovisionamentos	15

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a organización interna da empresa, a forma xurídica e os recursos necesarios, para o que analiza as alternativas dispoñibles e os obxectivos marcados co proxecto.	NO
RA6 - Realiza a xestión da empresa proxecto nos seus diversos departamentos.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.7 Efectuouse unha asignación eficiente dos recursos necesarios.
CA3.9 Valorouse a importancia de dotar a empresa da estrutura adecuada para o seu mantemento.
CA6.1 Efectuouse unha planificación sobre as necesidades de aprovisionamento da empresa.
CA6.8 Realizouse o traballo entre os membros do grupo.
CA6.9 Realizouse cada tarefa con rigor e corrección para obter un resultado global satisfactorio.
CA6.10 Materializouse nun expediente o proxecto empresarial e expúxose ao público.

4.5.e) Contidos

Contidos
Investimento na empresa.
Autorizacións, instalación ou constitución.
Inscripcións en rexistros.
Plan de aprovisionamento.
Xestión da contabilidade como toma de decisións, das necesidades de investimento e financiamento, e das obrigas fiscais.
Equipos e grupos de traballo. Traballo en equipo: toma de decisións. Confección e deseño dos equipos dentro da empresa creada.
Uso de ferramentas informáticas na elaboración e na exposición do proxecto empresarial.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Plan de marketing II : Definición do mercado e a comunicación (publicidade, propaganda e relacións públicas)	20

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Realiza a xestión da empresa proxecto nos seus diversos departamentos.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.8 Realizouse o traballo entre os membros do grupo.
CA6.9 Realizouse cada tarefa con rigor e corrección para obter un resultado global satisfactorio.
CA6.10 Materializouse nun expediente o proxecto empresarial e expúxose ao público.

4.6.e) Contidos

Contidos
Xestión comercial, de márketing e de recursos humanos na empresa.
Equipos e grupos de traballo. Traballo en equipo: toma de decisións. Confección e deseño dos equipos dentro da empresa creada.
Exposición pública do proxecto: técnicas de captación da atención. Destrezas comunicativas.
Uso de ferramentas informáticas na elaboración e na exposición do proxecto empresarial.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Plan de marketing III: Definición da distribución , determinación dos prezos e organización das vendas	15

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Selecciona unha idea de negocio analizando o mercado.	NO
RA3 - Determina a organización interna da empresa, a forma xurídica e os recursos necesarios, para o que analiza as alternativas dispoñibles e os obxectivos marcados co proxecto.	NO
RA6 - Realiza a xestión da empresa proxecto nos seus diversos departamentos.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.4 Determinouse o produto ou servizo que se queira proporcionar coa idea de negocio.
CA2.5 Concretáronse as necesidades que satisfai e o valor engadido da idea de negocio proposta.
CA3.3 Establecéronse claramente os obxectivos da empresa.
CA6.2 Xestionouse o proceso de comercialización dos produtos da empresa.
CA6.7 Valorouse a organización da propia tarefa.
CA6.8 Realizouse o traballo entre os membros do grupo.
CA6.9 Realizouse cada tarefa con rigor e corrección para obter un resultado global satisfactorio.
CA6.10 Materializouse nun expediente o proxecto empresarial e expúxose ao público.

4.7.e) Contidos

Contidos
Actividade empresarial.
Asignación de recursos.
Plan de aprovisionamento.
Equipos e grupos de traballo. Traballo en equipo: toma de decisións. Confección e deseño dos equipos dentro da empresa creada.
Uso de ferramentas informáticas na elaboración e na exposición do proxecto empresarial.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Organización funcional da empresa.O departamento de persoal	23

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a organización interna da empresa, a forma xurídica e os recursos necesarios, para o que analiza as alternativas dispoñibles e os obxectivos marcados co proxecto.	NO
RA4 - Comproba a viabilidade da empresa mediante diversos tipos de análise, tendo en conta os factores que poidan influír nela.	NO
RA5 - Xestiona a documentación necesaria para a posta en marcha dunha empresa, analizando os trámites legais e as actuacións necesarias que levan consigo a realización do proxecto empresarial.	NO
RA6 - Realiza a xestión da empresa proxecto nos seus diversos departamentos.	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.5 Identifícanse as funcións dentro da empresa
CA4.3 Comprobase a accesibilidade das fontes de financiamento para a posta en marcha do negocio.
CA4.4 Efectuouse unha análise sobre a capacitación profesional para levar a cabo as actividades derivadas do tipo de negocio elixido.
CA5.6 Realizáronse os trámites necesarios ante a autoridade laboral e a Seguridade Social
CA6.3 Xestionáronse os recursos humanos.
CA6.8 Realizouse o traballo entre os membros do grupo.
CA6.9 Realizouse cada tarefa con rigor e corrección para obter un resultado global satisfactorio.
CA6.10 Materializouse nun expediente o proxecto empresarial e expúxose ao público.

4.8.e) Contidos

Contidos
Empresa: clasificación, forma xurídica, obxectivos, organización funcional e responsabilidade social.
Carnés profesionais.
Equipos e grupos de traballo. Traballo en equipo: toma de decisións. Confección e deseño dos equipos dentro da empresa creada.
Uso de ferramentas informáticas na elaboración e na exposición do proxecto empresarial.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Inversión e financiación: Estudo da viabilidade do proxecto	40

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina os factores da innovación empresarial en relación coa actividade de creación de empresas.	NO
RA3 - Determina a organización interna da empresa, a forma xurídica e os recursos necesarios, para o que analiza as alternativas dispoñibles e os obxectivos marcados co proxecto.	NO
RA4 - Comproba a viabilidade da empresa mediante diversos tipos de análise, tendo en conta os factores que poidan influir nela.	NO
RA6 - Realiza a xestión da empresa proxecto nos seus diversos departamentos.	NO

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.7 Definíronse axudas e ferramentas públicas e privadas para a innovación, a creación e a internacionalización de empresas, relacionándoas estruturadamente nun informe.
CA3.8 Recoñecéronse e seleccionáronse as posibles fontes de financiamento.
CA4.1 Efectuouse un estudo da viabilidade técnica do negocio.
CA4.2 Contrastouse o cumprimento da normativa legal do futuro negocio.
CA4.7 Comprobouse a viabilidade económica por medio da análise de proxectos de investimento.
CA4.8 Elaborouse un plan de viabilidade a longo prazo para poder efectuar unha mellor planificación na empresa.
CA6.4 Confeccionouse e verificouse a contabilidade da empresa.
CA6.5 Planificáronse as necesidades financeiras da empresa.
CA6.6 Analizouse a normativa fiscal e cumpríronse as obrigas fiscais.
CA6.8 Realizouse o traballo entre os membros do grupo.
CA6.9 Realizouse cada tarefa con rigor e corrección para obter un resultado global satisfactorio.
CA6.10 Materializouse nun expediente o proxecto empresarial e expúxose ao público.

4.9.e) Contidos

Contidos
Axudas e ferramentas para a innovación empresarial.
Fontes de financiamento
Plan de viabilidade.
Análise económico-financieira de proxectos de empresa.



Contidos

Xestión da contabilidade como toma de decisións, das necesidades de investimento e financiamento, e das obrigas fiscais.

Equipos e grupos de traballo. Traballo en equipo: toma de decisións. Confección e deseño dos equipos dentro da empresa creada.

Uso de ferramentas informáticas na elaboración e na exposición do proxecto empresarial.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos exigibles:

Os contidos mínimos exigibles serán os que permitan acadar os obxectivos mínimos establecidos nas unidades didácticas e reflectidos nas táboas de cada unidade didáctica do apartado 4 da presente programación.

Criterios de cualificación:

1. COMPORTAMENTO:

O alumnado que moleste (non cale tras ser avisado, use o móbil, falte o respecto a un compañeiro ou á docente, utilice o ordenador para outro fin que o establecido ou situacións análogas) poderá ser expulsado da clase coa correspondente sanción: o contido dese día enténdese explicado, non poderá entregar ningunha tarefa dese día e terá falta de asistencia.

2. EXAMES:

Poderanse facer exames (teórico, práctico ou teórico-práctico) en cada avaliación sobre tódolos contidos impartidos ata o momento da realización do mesmo. O peso da proba escrita é dun 20 %. No caso de non facerse, a porcentaxe formará parte do apartado tarefas.

Se durante a realización dunha proba escrita algún alumno está copiando ou usando dispositivos electrónicos (previamente se lles recordará que deberán telos na mochila ou encima da mesa do docente), o exame considerárase suspenso e terá que acudir á recuperación final de marzo/xuño con toda a avaliación. Polo tanto, non procederá recuperación previa desa avaliación.

O alumnado que por algunha causa xustificada non asistira á realización dun exame, poderá realizarlo noutra data consensuada co profesor. No caso de non ser considerada falta xustificada, o exame constará como suspenso e o alumno deberá facer á recuperación desa avaliación. De suspendela, deberá facer esa parte no exame de marzo/xuño. No referente aos motivos que xustifican a repetición dun exame, ademais dos legalmente establecidos, no caso de enfermidade será obligatoria a entrega do xustificante médico no que se recolla que ese día, no horario do exame, o alumno non estaba capacitado para o desenvolvemento do seu traballo habitual / reposo. Non servindo, polo tanto, a mera cita no centro de saúde.

3. PROXECTO EMPRESARIAL REFERIDO A UNHA IDEA DE NEGOCIO:

Os traballos, entrega de exercicios ou exposicións relativas ao proxecto empresarial contarán un 70 % da calificación final. A porcentaxe dividirase entre todas as entregas.

Será obrigatoria a defensa e exposición oral do proxecto empresarial no mes de marzo, e se ponderará nun 10 % da nota final do módulo.

Se na realización dunha práctica detectase un plaxio total ou parcial, cualificarase con 0 puntos ou non apto.

As tarefas entregados fóra de prazo consideraranse non aptas ou 0 puntos.

4. O REDONDEO E SUPERACIÓN DAS AVALIACIÓNS PARCIAIS E FINAL:

O alumno acadará en cada AVALIACIÓN unha valoración positiva se dos cómputos anteriores obtén unha puntuación media de 5 sobre 10 ou superior. En cada avaliación redondearase por exceso sempre que a parte decimal sexa igual ou superior a 50.

A VALORACIÓN FINAL do módulo será o promedio da cualificación real de cada avaliación (a nota con dous decimais, non a redondeada), sempre que en cada unha delas se obtivera alomenos un 5 sobre 10. Esta cualificación media final redondearase tamén por exceso co mesmo criterio que se explica no parágrafo anterior. No caso de que o alumnado non teña superada alguna das avaliacións, a nota da segunda será inferior a 5 e se lle indicará ao alumnado a parte que deberá recuperar no exame final de marzo/xuño.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Farase unha recuperación ao final de cada avaliación que versará sobre todos os contidos da avaliación e poderá ser antes ou despois da entrega de boletíns. No caso de non superar a recuperación, o alumno deberá examinarse de todo o contido da avaliación en marzo/xuño.

O procedemento de recuperación será:

1. Entrega e defensa de todas as partes do proxecto empresarial individual (80 % da nota final).
2. Proba escrita que permita comprobar a correcta asimilación dos contidos do módulo (20 % da nota final).

Tanto no proxecto como no exame, a nota deberá ser igual ou superior a 5 ou considerarse APTA, para poder facer media entre si.

A nota final deberá ser igual ou superior a 5 para considerarse o módulo superado.

Non caberá a opción de subir nota.

Se durante a realización dunha proba escrita algún alumno está copiando ou usando dispositivos electrónicos (previamente se lles recordará que deberán telos na mochila ou encima da mesa do docente), o exame considerarase suspenso e terá que acudir á recuperación final de marzo/xuño con toda a avaliación. Polo tanto, non procederá recuperación previa desa avaliación.

ALUMNADO QUE NON SUPERA O MÓDULO EN MARZO

Para os alumnos/as que non superen o módulo en marzo, o procedemento de recuperación será:

1. Entrega e defensa de todas as partes do proxecto empresarial individual (80 %).
2. Proba escrita que permita comprobar a correcta asimilación dos contidos do módulo (20 % da nota final).

Tanto no proxecto como no exame, a nota deberá ser igual ou superior a 5 ou considerarse APTA, para poder facer media entre si.

A nota final deberá ser igual ou superior a 5 para considerarse o módulo superado.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Aquel alumnado que, por superar o número de faltas establecido no proxecto curricular do ciclo, perdan o dereito á avaliación continua, terán un procedemento de avaliación diferente. Este procedemento consistirá en:

1. Elaboración (70 %) y defensa (10%) dun proxecto empresarial individual.
2. Proba escrita que permita comprobar a correcta asimilación dos contidos do módulo (20 % da nota final).

Tanto no proxecto como no exame, a nota deberá ser igual ou superior a 5, ou considerarse APTA, para poder facer media entre si.

A nota final deberá ser igual ou superior a 5 para considerarse o módulo superado.

No caberá a opción de subir nota.

Se durante a realización dunha proba escrita algún alumno está copiando ou usando dispositivos electrónicos (previamente se lles recordará que deberán telos na mochila ou encima da mesa do docente), o exame considerarase suspenso.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Realizarase o seguimento a través da web www.edu.xunta.gal/programacións, onde se recollerá todo o acontido durante o curso. Ó final do ano realizarase unha valoración global.

Ó final do curso académico realizarase unha enquisa entre o alumnado para valorar a práctica docente.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao principio de curso realizarase unha proba inicial na que se observarán os coñecementos, procedementos e destrezas do alumnado. Posteriormente comentarase os resultados obtidos co restante equipo docente e co titor ou titora do grupo. Desta maneira poderanse tomar en conxunto medidas para atender ao alumnado dunha maneira o máis individualizada posible.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

- Atención personalizada na aula, sempre que o número de alumnos o permita.
- Establecemento de tarefas extraordinarias con seguimento particular polo profesor.
- Repetir as actividades colgadas na aula virtual.
- Aclarar as dúbidas de forma individual.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores cívicos e profesionais transmitese en cada unidade didáctica, aproveitando as oportunidades que se presentan en canto á igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, o coidado do medioambiente, etc.

Por outra parte á hora do traballo en equipo trataranse os valores de escoita, respecto ás opinións dos demais integrantes do grupo, expresarse de forma asertiva, e en xeral valores que axuden a un bo traballo en equipo.

Tamén se tratarán outros valores como a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres a través de lecturas e coloquios.

O coidado do medioambiente, consumo responsable trataranse a través de actividades e se fose posible algunha saída a limpar a praia, río, etc. ou similar.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- Visitas a ferias e exposicións de materiais e actividades relacionadas.
- Visita a empresas ou organismos públicos en función das necesidades para elaborar o proxecto.
- Recollida de información en empresas e organismos públicos.
- Realización de xestións en organismos públicos, de emprendedores para aprender das experiencias.
- Visita de representantes de asociación de xoves empresarios de Ferrolterra.